



# Resumo TFG

**Identificación de TFG (para o profesorado):**

BJFWPYG

**Apelidos e Nome do/a Titor/a**

Rodríguez Martínez Francisco J.

**Apelidos e Nome do Alumno/a**

Rodríguez Hermida Pablo

**Título do TFG**

Desenvolvemento dunha web para a organización de torneos dependentes de ranking

**Resumo**

Desenvolvemento dunha web para a organización de torneos dependentes de ranking

## Obxectivos

- Desenvolver un sitio web que permita a organización de torneos (creación, consulta, modificación e borrado) tanto eliminatorios como de formato liga.
- Crear unha base de datos que almacene os resultados de ditos torneos así coma o ranking resultante do resultado dos mesmos.
- Desenvolver un servizo que consulte a base de datos para poder mostrar a información dos torneos no front-end do sitio web.
- Desenvolver un front-end que permita organizar os torneos, os encontros e consultar os rankings.

## Descrición/Motivación

Existe variedade de sitios web que permiten a creación de torneos por parte dos seus usuarios, mais todos carecen de unha opción que automitace os encontros do torneo en función dun ranking. Esta é unha practica utilizada por tódolos deportes para asegurar unha competición xusta, na que nas primeiras rondas os equipos ou xogadores de máis nivel enfrenaríanse aos que teñan unha posición máis baixa na táboa.

Estas webs tamén carecen da posibilidade de valorar ditos torneos en función dos asistentes ou de elexir unha ponderación para este. Con esta utilidade, pódese crear torneos que afecten máis ou menos ás posicións no ranking.

Por último, o sitio web planteará a posibilidade de elexir entre varias modalidades de torneo, as cales terán disitnta organización en función do ranking (ou seeding) anteriormente mencionado.

### **Metodoloxía**

**Almacenamento de datos:** Utilizarase unha base de datos non relacional debido as poucas entidades e ás relativamente escasas relacións entre elas.

**Servicio:** Un back-end accederá á información presente na base de datos para poder mostrala no sitio web.

**Web:** Un front-end permitirá consultar, crear, modificar e eliminar torneos, encontros e xogadores/equipos. Tamén permitirá consultar a táboa de rankings.

### **Recursos**

As tecnoloxías utilizadas neste proxecto serán susceptibles de modificación ao longo da vida do mesmo.

A almacenamento de datos utilizará MongoDB como sistema de base de datos non relacional.

O back-end será desenvolto con Spring Boot como tecnoloxía de comunicación entre Mongo e o sitio web.

O front-end desenvolverase en React, unha biblioteca de Javascript creada por Facebook.

**(A empresa debe ter convenio asinado en vigor coa Universidade de Vigo. Deberase entregar copia do nomeamento do/a titor/a pola empresa)**

**\* O/A profesor/a recibirá copia desta solicitude, e deberá dar o Visto e Prace do mesmo dende o formulario online dispoñible na web da ESEI.**

**Código do TFG (para o alumno):** EI 20/21-91

**Introduce un correo electrónico válido  
(a continuación recibirá un código  
para a firma da solicitude)**

**\* Unha vez enviada a solicitude recibirá por correo electrónico copia da mesma**